



NOTIFICACIÓN

Expediente	2022025991	
Asunto	Notf. aprobación bases socorrismo subvención Xunta	

Con data de 23/06/2022 a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi deste Concello adoptou unha resolución que transcrita di como segue:

“Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 22/06/2022 e que literalmente transcrito di:

“A Ordenanza reguladora do uso e disfrute das praias do Concello de Ferrol establece no seu artigo 4 que para os efectos da dita ordenanza se entende por temporada de baño o período comprendido entre o día 1 de xuño e o 15 de setembro de cada ano, aínda que o Concello poderá variar as ditas datas en función das circunstancias climatolóxicas. Por isto, o 10/05/2022 aprobáronse as bases para o nomeamento de 60 socorristas como funcionarios interinos por programa para a prestación das labores de vixilancia e salvamento nas praias do Concello de Ferrol durante a tempada de verán 2022, se ben non se cubriron a totalidade das mesmas. Así, o 18/06/2022 tomaron posesión 44 socorristas (35 socorristas, 8 coordinadores de caseta e 1 coordinador de praia).

Por outra banda, este Concello solicitou unha subvención ao abeiro da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG núm. 21, do 1 de febreiro).

A xefa territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade emitiu unha resolución o 10 de maio de 2022 pola que outorga unha subvención ao Concello de Ferrol para o "Servizo de socorrismo e salvamento nos areas de Ferrol. Campaña 2022", ao abeiro da Orde sinalada no parágrafo anterior, coas seguintes características:

- Procedemento: TR351A: PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO EN COLABORACIÓN COAS EE.LL*
- Expediente: TR351A 2022/000060-1*
- Proxecto: SERVIZO DE SOCORRISMO E SALVAMENTO NOS AREAIS DE FERROL. CAMPAÑA 2022*
- Importe subvención: 24.880,00 €*
- Achega municipal: 7.140,87 €*
- Número de persoas a contratar: 8*
- Duración: 2 meses (100%) da xornada*
- Data límite para formalizar as contratacións: 1 de xullo de 2022. Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, a xefatura territorial poderá autorizar o inicio do servizo con posterioridade, previa solicitude para o efecto da entidade subvencionada.*

Consta no expediente información aclaratoria da xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade na que se sinala o seguinte:

“As convocatorias para o ano 2022 dos procedementos TR351A, TR351F e TR351G establecen que as

entidades locais beneficiarias destas subvencións deberán realizar as contratacións utilizando a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, pois as ditas convocatorias se tramitaron como anticipadas de gasto a final do ano 2021, antes da aprobación e entrada en vigor da Reforma Laboral.

Non obstante, a recente entrada en vigor da dita reforma laboral, coa supresión do contrato de obra ou servizo coa cláusula de traballos de interese social, implica un cambio na tipoloxía dos contratos a formalizar polos concellos beneficiarios destas axudas.

Así, a disposición final segunda do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, introduce unha nova disposición adicional novena no texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, coa seguinte redacción:

“Contratos vinculados a programas de activación para o emprego.

1. As administracións públicas e, de ser o caso, as entidades sen ánimo de lucro poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos neste texto refundido da Lei de Emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses”.

Polo tanto, á vista desta modificación legal e tendo en conta que os contratos subvencionados polos procedementos TR351A, TR351F e TR351G están vinculados a programas de activación para o emprego, tal e como se recolle nas exposicións de motivos das correspondentes bases reguladoras, cómpre aclarar que para formalizar os contratos subvencionados nos referidos procedementos deberá empregarse exclusivamente a modalidade de **contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral**.

O código de contrato para as contratacións que se formalicen a xornada completa é o **405** e para as xornadas a tempo parcial o código correspondente é o **505**.

O novo modelo de contrato está dispoñible na seguinte ligazón do Servicio Público de Empleo

Estatat:

<https://www.sepe.es/HomeSepe/empresas/Contratos-de-trabajo/modelos-contrato.html>”

Polo tanto, os contratos formalizaranse baixo a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción social no marco dos programas para activación do emprego, a xornada completa (código 405).

A Lei 22/2021 de 28 de decembro de presupostos xerais do Estado establece para o ano 2022 no seu artigo 20 que non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

O artigo 11 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que:

“Artículo 11. Personal laboral (Artículo redactado según la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público)

1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y

urgencia”.

A Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia establece nos seus artigos 26 e 27 o seguinte:

“Artículo 26. Concepto y requisitos.

1. Tienen la condición de personal laboral las personas que, en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, prestan servicios retribuidos en las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley. En función del régimen de duración del contrato, este puede ser fijo, temporal o indefinido.

2. En ningún caso pueden ser desempeñados por personal laboral los puestos de trabajo que estén reservados a personal funcionario en virtud de lo previsto en el apartado segundo del artículo 22 de esta ley.

3. Pueden ser desempeñados por personal laboral:

a) Los puestos de naturaleza no permanente y aquellos cuyas actividades se dirijan a satisfacer necesidades de carácter periódico y discontinuo.

b) Los puestos cuyas actividades sean propias de oficios.

c) Los puestos correspondientes a áreas de actividad que requieran conocimientos técnicos especializados cuando no existan cuerpos o escalas de personal funcionario en los cuales las personas integrantes tengan la preparación específica necesaria para su desempeño.

d) Los puestos de carácter instrumental correspondientes a las áreas de mantenimiento y conservación de edificios, equipamientos e instalaciones, y artes gráficas, así como los puestos de las áreas de expresión artística”.

“Artículo 27. Personal laboral temporal.

1. Los puestos de trabajo vacantes que puedan ser desempeñados por personal laboral y se consideren de provisión urgente e inaplazable pueden ser cubiertos mediante la contratación de personal laboral temporal de conformidad con los procedimientos contemplados en el convenio colectivo que resulte de aplicación. En todo caso, para la contratación de este personal laboral no se podrá acudir a las empresas de trabajo temporal.

2. Los puestos vacantes cubiertos mediante la contratación de personal laboral temporal se incluirán en la primera oferta de empleo público que se apruebe después de esa contratación y en los consiguientes concursos de traslados, salvo que se disponga su amortización.

3. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley no pueden convertir en fija una relación laboral de carácter temporal. Incurrirán en responsabilidad, en los términos previstos por esta ley, las personas que con su actuación irregular den lugar a la conversión en fija de una relación laboral de carácter temporal.

4. La prestación de servicios en régimen de personal laboral temporal no constituye mérito preferente para el acceso a la condición de personal laboral fijo. No obstante lo anterior, el tiempo de servicios prestados se computará en los supuestos de concurso oposición o de concurso, en los términos que se establezcan en la correspondiente convocatoria”.

En calquera caso, a Alcaldía-Presidencia deste Concello, decretou con data 09/10/2014 declarar como servizo público esenciais os relacionados coa prestación dos seguintes servizos: cemiterio, viais, atención social incluída a atención a vítimas de violencia de xénero, prevención e extinción de incendios, seguridade pública, rexistro de documentos e padrón municipal, inspección e licenzas urbanísticas e medio ambiente, así como aqueles outros servizos nos que se dean causas urxentes e excepcionais debidamente xustificadas.

Polo exposto, para o fin de regular o proceso de selección propónse a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *Efectuar a correspondente oferta xenérica ao Servizo Publico de Emprego, dados os criterios e requisitos establecidos na Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG núm. 21, do 1 de febreiro).*

Segundo.- *Aprobar as bases que rexerán o proceso de selección ao cal serán sometidas as persoas preseleccionadas polo Servizo Publico de Emprego, que son as que de seguido se relacionan:*

“Bases para a contratación en réxime laboral temporal de 8 socorristas para o servizo de salvamento e socorrismo nos areas do Concello de Ferrol, campaña 2022, ao abeiro da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG núm. 21, do 1 de febreiro)

Primeira.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular o proceso de selección para a contratación laboral temporal de 8 socorristas para a prestación das labores de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Ferrol durante 2 meses, ao abeiro da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG núm. 21, do 1 de febreiro).

A xefa territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade emitiu unha resolución o 10 de maio de 2022 pola que outorga unha subvención ao Concello de Ferrol para o "Servizo de socorrismo e salvamento nos areas de Ferrol. Campaña 2022", ao abeiro da Orde sinalada no parágrafo anterior, coas seguintes características:

- Procedemento: TR351A: PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO EN COLABORACIÓN COAS EE.LL*
- Expediente: TR351A 2022/000060-1*
- Proxecto: SERVIZO DE SOCORRISMO E SALVAMENTO NOS AREAIS DE FERROL. CAMPAÑA 2022*
- Importe subvención: 24.880,00 €*
- Achega municipal: 7.140,87 €*
- Número de persoas a contratar: 8*
- Duración: 2 meses (100%) da xornada*
- Data límite para formalizar as contratacións: 1 de xullo de 2022. Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, a xefatura territorial poderá autorizar o inicio do servizo con posterioridade, previa solicitude para o efecto da entidade subvencionada.*

Segunda.- Sistema de selección

Por unha cuestión de prazos así como da posible dificultade para captar candidatos, e dados os criterios e requisitos establecidos na Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG núm. 21, do 1 de febreiro), remitirase oferta xenérica ao Servizo Público de Emprego, onde farán unha preselección, tendo en conta os requisitos fixados dende o Concello.

As persoas preseleccionadas participarán, de ser o caso, na selección a través do sistema de concurso-oposición.

Terceira.- Modalidade de contratación e duración do contrato

*Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de **contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción social no marco dos programas para activación do emprego (código 405)**, para a prestación das labores de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Ferrol durante a tempada de verán de 2022, a xornada completa (40 horas semanais), que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, todos os días da semana, cos descansos que regulamentariamente correspondan.*

A duración do contrato será de 2 meses comprendidos no período que abrangue de xullo a setembro. As vacacións correspondentes ao período contratado serán de 5 días que terán o carácter de irrenunciáveis e deberán desfrutarse na última semana de contrato.

As retribucións serán de mil catrocentos trinta e cinco euros con noventa e nove céntimos brutos mensuais (1.464,73 €) incluído o plus de transporte e o prorrateo das pagas extraordinarias, segundo o disposto no Convenio colectivo estatal de mantemento e conservación de instalacións acuáticas (BOE nº 195

do 17 de xullo de 2020).

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de 15 días de conformidade co establecido no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

Cuarta.- Requisitos das persoas aspirantes

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos que deben cumprirse tanto na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes como no momento da formalización do contrato de traballo temporal:

a) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e estar dispoñible para o emprego.

b) Non terse contratado, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas

c) Nacionalidade. Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados, nos termos previstos no artigo 57 do TRLEBEP. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

d) Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación.

e) Capacidade funcional: Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificado médico oficial.

Este certificado **debe presentarse**, como data límite, no momento temporal inmediatamente anterior á realización das probas físicas, sendo excluído/a o/a aspirante en caso contrario. Poderá ter, como máximo, unha antigüidade de 3 meses en relación á data fixada para o desenvolvemento das probas. En casos excepcionais, este certificado pode ser suplido cunha declaración responsable axustada ao modelo que figura como anexo a estas bases.

f) **Habilitación:** Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

g) **Compatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

h) Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.

i) Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no seu defecto, ter presentada a citada solicitude no citado Rexistro Profesional e que non transcorrera o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste último caso, deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia da solicitude de inscrición no Rexistro profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado. Todo isto de conformidade co Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, que modifica o anterior.

Quinta.- Comisión Cualificadora

Presidente: Un/unha funcionario/a do Concello de Ferrol.

Secretario: O secretario do Concello de Ferrol ou quen legalmente o substitúa.

Vogais: Catro funcionarios/as de carreira do Concello de Ferrol.

O/a secretario/a do tribunal cualificador terá dereito a voz pero non a voto.

A Comisión cualificadora estará integrada de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e art. 60 do RD 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Texto refundido do Estatuto do empregado público, así como garantindo a competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei de Igualdade do Home e da Muller.

Os membros da comisión cualificadora deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano que convoca, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público ou se realizaron tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Asemade, os/as aspirantes poderán recusar aos membros da citada comisión cando concorran as devanditas circunstancias.

A comisión cualificadora resolverá todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

Así mesmo poderá dispoñer a incorporación as súas sesións de persoas con labores de asesoramento para as probas que estimen pertinentes, limitándose estes/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros da Comisión Cualificadora deberán pertencer a unha categoría profesional para o ingreso na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Os membros da citada comisión terán dereito á percepción das cantidades que correspondan en aplicación do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. O número de sesións en ningún caso superará o máximo de 15.

Sexta.- Desenvolvemento do proceso selectivo

Pechada a oferta xenérica polo Servizo Público de Emprego, dende o Servizo de Recursos Humanos se citará por teléfono ás persoas preseleccionadas para que, de ser o caso, presenten no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 3 días hábiles, contados dende o día seguinte ao de realización do chamamento, unha solicitude de participación no proceso selectivo, conforme ao modelo que figura no anexo II a estas bases. A presentación da instancia conterá implicitamente a declaración responsable de non estar inhabilitado para o desempeño de funcións e de non estar incurso en situación de incompatibilidade para prestar servizos na Administración pública.

Así mesmo poderanse presentar na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo mediante correo electrónico a rrhh@ferrol.es durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos

A solicitude de participación no proceso selectivo deberán ir acompañada inescusablemente dos seguintes documentos:

- 3. Copia do DNI*
- 4. Copia do título de Graduado en ESO ou equivalente*
- 5. Copia do documento acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia ou, no seu defecto, de ter presentada a citada solicitude no dito Rexistro Profesional e que non transcorrera o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de*

Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste último caso, deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia da solicitude de inscrición no Rexistro profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado. Todo isto de conformidade co Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, que modifica o anterior.

6. *Certificado médico ao que se fai referencia na letra c) da base 3ª, ou declaración responsable axustada ao modelo anexo a estas bases. No caso de presentación de declaración responsable, deberá presentarse o certificado médico, como data límite, no momento temporal inmediatamente anterior á realización das probas físicas, sendo excluído/a o/a aspirante en caso contrario.*
7. *Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados, que se acreditarán do seguinte xeito dentro do prazo de presentación de instancias:*
 1. *no caso de méritos profesionais, deberán acreditarse mediante copia de contratos xunto a copia de informe de vida laboral ou ben, no caso dos servizos prestados na Administración Pública, mediante certificado de servizos prestados expedido pola autoridade ou persoal funcionario competente.*
 2. *no caso de méritos académicos, deberán acreditarse mediante copia de certificados dos cursos realizados nos que se reflecta número de horas ou créditos lectivos. Unicamente se valorarán os cursos e accións formativas impartidas por administracións públicas, sindicatos, universidades e centros formativos homologados.*

Non serán tidos en conta os méritos que non se acrediten correctamente segundo o establecido nestas bases ou aqueles que se presenten unha vez rematado o prazo (a documentación referida a os méritos non poderá ser obxecto de emenda ou corrección).

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, outorgando un prazo de 2 días hábiles para emenda ou subsanación de documentación.

A data e máis a hora na que deberá constituírse a comisión cualificadora, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas serán determinados mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina WEB.

Os aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo da comisión, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciárase alfabeticamente.

Fase de concurso (máximo 4 puntos):

Nesta fase unicamente se valorarán os seguintes extremos:

a) *Experiencia profesional, ata un máximo de 2'5 puntos.*

Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: 0,15 puntos.

b) *Formación, ata un máximo de 1'5 puntos.*

b.1) Por acreditar formación sobre RCP (reanimación cardiopulmonar), soporte vital básico e manexo de desfibriladores: 0,50 puntos en total e sen que teña carácter acumulativo.

b.2) Por estar en posesión de titulación que habilite para o manexo de embarcacións (patrón para navegación

básica ou superior): 0,25 puntos.

b.3) Por estar en posesión do título de Técnico/a en Emerxencias Sanitarias ou formación relacionada coa rama sanitaria: 0,25 puntos.

b.4) Por cursos relacionados directamente coa ocupación, 0,05 puntos por cada 20 horas acumuladas ate o máximo de 0'50 puntos

No caso de que na acreditación dos cursos non figure o número de horas estes non serán valorados.

Fase de oposición (máximo 6 puntos):

Consistirá na realización da seguinte proba:

Proba de piscina – 200 metros. Proba combinada con aletas, máximo 6 puntos.

A posición de partida poderá ser de pé no borde do vaso da piscina con entrada libre, ou dentro da auga agarrado ao bordo da Piscina. Toda a proba realizarase con aletas. Despois do sinal, realizaranse 100 metros estilo libre (permitíndose viraxes), a continuación realizarase una apnea de 10 metros recollendo un obxecto do fondo da piscina e remolcarase 90 metros en posición dorsal ou lateral, mantendo en todo momento o obxecto fóra da auga. Ao chegar ao borde do vaso da piscina colocarase o obxecto fóra da auga no lugar apropiado para iso.

Os candidatos deberán contar co material necesario para a realización da proba, e optará polas aletas que considere oportunas, cun máximo de 65 cm de lonxitude dende o nocello, e una anchura máxima de 30 cm.

Outorgaranse as seguintes puntuacións de acordo cos tempos expresados, que comezarán a contar dende a sinal de saída ata a colocación do obxecto no lugar indicado:

TEMPOS HOMES (minutos)	TEMPOS MULLERES (minutos)	PUNTUACIÓN
Menor ou igual a 2:30,00	Menor ou igual a 2:45,00	6 puntos
Entre 2:30,01 e 2:40,00	Entre 2:45,01 e 2:55,00	5,5 puntos
Entre 2:40,01 e 2:50,00	Entre 2:55,01 e 3:05,00	5 puntos
Entre 2:50,01 e 3:00,00	Entre 3:05,01 e 3:15,00	4,5 puntos
Entre 3:00,01 e 3:10,00	Entre 3:15,01 e 3:25,00	4 puntos
Entre 3:10,01 e 3:20,00	Entre 3:25,01 e 3:35,00	3,5 puntos
Entre 3:20,01 e 3:30,00	Entre 3:35,01 e 3:45,00	3 puntos
Entre 3:30,01 e 3:40,00	Entre 3:45,01 e 3:55,00	2,5 puntos
Entre 3:40,01 e 3:50,00	Entre 3:55,01 e 4:05,00	2 puntos
Entre 3:50,01 e 4:00,00	Entre 4:05,01 e 4:15,00	1,5 puntos
Entre 4:00,01 e 4:10,00	Entre 4:15,01 e 4:25,00	1 punto
Entre 4:10,01 e 4:20,00	Entre 4:25,01 e 4:35,00	0,5 puntos
Máis de 4:20,01	Máis de 4:35,01	0 puntos

Sétima.- Cualificación final e relación de persoas propostas a contrato

A comisión cualificadora publicará no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a relación de aspirantes por orde de puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de contratación a favor das persoas aspirantes que obtiveran a puntuación máis alta.

A cualificación final do proceso selectivo virá dada pola suma das puntuacións obtidas en ambas fases.

O tribunal cualificador non poderá facer unha proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao de postos ofertados.

De producirse un empate na puntuación final, para dirimilo teranse en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola seguinte orde de preferencia:

1º A puntuación obtida na fase de oposición

2º A puntuación obtida no apartado a) da fase de concurso

3º A puntuación obtida no apartado b) da fase de concurso

Oitava.- Listaxe e reserva

Coas persoas aspirantes que superen as probas pero non figuren incluídas na proposta de contratación se establecerá unha listaxe de reserva para os efectos de cubrir posibles renuncias ou incidencias que puideran xurdir durante o período ao cal afecta a contratación. Os chamamentos que se fagan ás persoas desta lista seguirán a orde rigorosa de puntuación.

Novena.- Incidencias

A comisión cualificadora queda facultada para interpretar as presentes bases, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Décima.- Publicidade

A publicidade das actuacións derivadas do proceso selectivo que se regula nestas bases se realizará a través de publicacións no taboleiros de anuncios do Concello e da páxina web. (www.ferrol.es/SedeElectronica/RecursosHumanos/Outrascontratacións).

Décimo primeira.- Reclamacións e recursos

A presentación da solicitude de participación no presente proceso selectivo implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

Os actos administrativos derivados das presentes bases poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e no xeito establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Anexo I

DECLARACIÓN RESPONSABLE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA

Don/Dona _____ con
DNI núm. _____ e enderezo
en _____ Co
ncello _____ Provincia _____ e número de teléfono
_____.

Baixo promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, DECLARO que conto coas condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización de probas físicas de máximo esforzo fóra e dentro da agua.

Que dado que cumpro coas ditas condicións, desexo participar nas probas correspondentes ao proceso selectivo de Socorristas do Concello de Ferrol.

Tamén DECLARO ter sido informado polo Concello de Ferrol, de que, **é necesario que, con carácter previo á realización das probas físicas, me faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidera impedir a realización de ditas probas nas con-**

dicións debidas, aportando o certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, fírmoo a presente

Ferrol, na data da sinatura dixital

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Don/ a

DNI:

Correo electrónico:

Enderezo notificación:

Código Postal:

Concello:

Provincia:

Teléfono:

SOLICITO: *Ser admitido/a na convocatoria para contratación laboral temporal na modalidade de **contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción social no marco dos programas para activación do emprego de 8 socorristas para o servizo de salvamento e socorrismo nos areais do Concello de Ferrol, campaña 2022, ao abeiro da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG núm. 21, do 1 de febreiro), ao considerar que reúno os requisitos esixidos para tomar parte na mesma.***

Para o que achego a seguinte documentación:

1. *Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea*
2. *Copia do título de Graduado en ESO, ou equivalentes*
3. *Copia do documento acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia ou, no seu defecto, de ter presentada a citada solicitude no dito Rexistro Profesional e que non transcorrera o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste último caso, deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia da solicitude de inscrición no Rexistro profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado. Todo isto de conformidade co Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, que modifica o anterior.*
4. *Certificado médico ou declaración responsable (*1)*
5. *Relación de méritos alegados acompañada dos xustificantes acreditativos destes:*
 - 1.
 - 2.
 - 3.
 - 4.

- 5.
- 6.
- 7.
- 8.
- 9.
- 10.
- 11.
- 12.
- 13.
- 14.
- 15.
- 16.
- 17.
- 18.
- 19.
- 20.

Ferrol, ____ de _____ de 2022

(sinatura)

(1) No caso de presentación de **declaración responsable**, deberá presentarse o **certificado médico**, como data límite, no momento temporal inmediatamente anterior á realización das probas físicas, sendo excluído/a o/a aspirante en caso contrario.”*

Terceiro.- *O período máximo de duración da totalidade dos contratos será de 2 meses, o gasto estimado da contratación dos 8 socorristas ascende á cantidade de **trinta e dous mil vinte euros con oitenta e sete céntimos (32.020,87 €)** que se imputará con cargo ás aplicacións orzamentarias 02105-2411-13100, 02105-2411-16000.*

Non obstante, vostede resolverá.”

Examinada asímesmo a documentación que o acompaña, así como o informe da Intervención.

Decreto.- *Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.”*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento

administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 45 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa (BOE 14/07/1998).

O secretario xeral